







Relacións institucionais

	<p>XORNADA 'XERANDO VALOR NA BIOECONOMÍA FORESTAL' O Comité Executivo de FEARMAGA asistiu o 16 de maio á xornada organizada pola Axencia Galega da Industria Forestal (XERA) e que foi clausurada polo Conselleiro de Economía, Emprego e Industria Francisco Conde. Esta xornada permitiu poñer en valor o papel da bioeconomía forestal como unha oportunidade para desenvolver en Galicia unha economía verde e serviu para presentar publicamente os principais obxectivos e eixos de actuación da Axencia. Ver nota de prensa</p>
	<p>XORNADA SOBRE A TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA DE PERMISOS DE CORTA A instancias do sector, a Consellería do Medio Rural organizou o pasado 15 de maio, unha xornada en Santiago de Compostela sobre o novo réxime administrativo dos permisos de corta. O interese suscitado pola convocatoria veuse reflectido no número de asistentes que completaron o aforo dispoñible, tanto na quenda de mañá como na de tarde. Ademais, as empresas puideron optar por participar na mesma mediante vídeo conferencia dende distintas aulas CEMIT das catro provincias. Ver presentación da xornada e fotografías</p>
	<p>RECOÑECIMENTO OS SERRADOIROS POLA SUA CONTRIBUCIÓN Á ECONOMIA DO MEDIO RURAL Dende a creación da Axencia Galega da Industria Forestal (XERA), as Industrias de Primeira Transformación da Madeira de Galicia pasaron a incluírse dentro das súas competencias. Con tal motivo, o 9 de maio, o director de XERA visitou a empresa Serrerías Rodríguez onde salientou a importante contribución das empresas de aserriño a economía galega, e aproveitou para informar da liña de apoios ao sector que este ano foi dotada cun orzamento de 8,1 millóns de euros e para a que se acaba de pechar o prazo de solicitude. Ver nota de prensa da visita e fotografías</p>
	<p>XORNADA PRL: SEGURIDADE NO SECTOR FORESTAL O 3 de maio, celebrouse unha xornada organizada polo ISSGA en colaboración con FEARMAGA para presentar dúas fichas con recomendacións preventivas de actuación ante árbores apoiadas ou enganchadas (en galego, castelán e romanés) e un vinilo con información básica das medidas de emerxencia e do protocolo PAS (Protexer, Avisar e Socorrer) a seguir ante un sinistro no monte coa finalidade de que se coloquen nos vehículos que se utilizan para traballar no monte. Ver ficha árbores sentadas, árbores enganchadas, vinilo e nota de prensa e fotos</p>
<p>ORDENANZAS MUNICIPAIS</p>	<p>En defensa dos intereses do sector, FEARMAGA presentou alegacións á aprobación inicial das ordenanzas reguladoras da corta, saca e transporte de madeiras dos concellos de CAMBRE e RÁBADE. Do mesmo xeito, presentáronse alegacións ao texto aprobado polo Concello de PONTECESO ás que acabamos de recibir notificación na que se comunica que o Pleno aprobou por unanimidade estimar as alegacións presentadas por FEARMAGA e anular o acordo de aprobación.</p>

Servizos prestados a socios

<p>FEADER 2018</p>  <p>FEADER: Europa inviste no rural</p>	<p>AXUDAS PARA SERRADOIROS E REMATANTES O 28 de maio, finalizou o prazo de solicitude de axudas e, como é habitual, FEARMAGA ofreceu os seus servizos de tramitación en condicións ventaxosas para os asociados. Este ano, o servizo tivo unha especial acollida e un total de 17 empresas despositaron a súa confianza na Federación para solicitar axudas para a realización de inversións por valor de 4,3 millóns de €.</p>
	<p>CONSULTAS ASOCIADOS – PERMISOS DE CORTA A entrada en vigor do novo réxime de permisos de cortas suscitou un importante volume de consultas que, ademais, se viron incrementadas nas últimas semanas debido a dúbidas respecto dos trámites para as cortas de obrigada execución por mor das medidas preventivas dispostas pola Lei de prevención incendios. Así, no último mes, o equipo técnico de FEARMAGA atendeu un centenar de consultas de asociados.</p>

Lembra!

	<p>FEIRA GALIFOREST Sergude, 28 – 30 xuño</p>
---	--